



CONCELLOS

BARALLA

Anuncio

Mediante providencia de Alcaldía de data 23.07.2025 incoouse inicio de expediente de investigación para determinar a titularidade pública do seguinte ben:

- Camiño denominado “Baixo do Caserón”, con referencia catastral 27036A081090070000EB.

Conforme ao disposto no artigo 49.1 do REBEL, publícase este acordo de iniciación no «Boletín Oficial» da provincia con expresión das características que permitan identificar os bens ou dereitos afectos.

Baralla, 29 de xullo de 2025.- O Alcalde, Miguel González Piñeiro.

R. 2202

BEGONTE

Anuncio

Información pública

Aprobándose por resolución da alcaldía de data vintetrés de xullo de dous mil vintecinco os padróns que a continuación se relacionan, e expóñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

- Taxa por abastecemento de auga e ive sobre o seu consumo, correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vintecinco.
- Taxa por recollida de lixo correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vintecinco.
- Taxa pola rede de sumidoiro correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vintecinco.
- Taxa canon de auga da Xunta de Galicia correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vintecinco.
- Taxa de autoconsumos de auga correspondente ó primeiro trimestre do ano dous mil vintecinco.

Recurso: Contra o acordo da aprobación do padrón poderá interpoñerse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado dende o día inmediato seguinte ó do término do período de exposición ó público do padrón.

Órgano ante o que se recorre: Sr. Alcalde-presidente do Concello de Begonte.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, contados a partir do período de exposición pública. Finalizado exercicio pasarase o seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Lei Xeral Tributaria, a través de Servicio Provincial de Recadación da Excmá. Deputación Provincial de Lugo.

A falta de pagamento do canón da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canón da auga poderá ser obxecto de

reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Begonte, 24 de xullo de 2025.- O ALCALDE, José Ulla Rocha.

R. 2203

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CRÉDITOS 46/2025

Publicado no Boletín Oficial da Provincia número 152 do día 4 de xullo de 2025 o anuncio referente á exposición ao público do expediente de modificación de crédito 46/2025 de axuste á baixa do expediente de suplemento de crédito 26/2025 aprobado polo Pleno o 31 de marzo de 2025, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería de exercicios anteriores, por importe de 1.033.544,91 €, segundo o previsto no artigo 169 do Texto Refundido da lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, aprobado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2025. Transcorrido o prazo da citada exposición sen presentarse reclamacións, conforme ao artigo 38 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, enténdese definitivamente aprobado.

Contra a aprobación definitiva do expediente poderá interporse directamente Recurso Contencioso-Administrativo na forma e prazo que establecen as normas da devandita xurisdición.

Resumo do orzamento trala modificación:

Estado de INGRESOS

CAP	CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACIÓNS	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
I	5.924.475,79		5.924.475,79
II	550.000,00		550.000,00
III	3.209.670,00		3.209.670,00
IV	8.980.784,61		8.980.784,61
V	92.720,00		92.720,00
VI	0,00		0,00
VII	2.843.387,25		2.843.387,25
VIII	9.246.597,29	-1.033.544,91	8.213.052,38
IX	750.000,00		750.000,00
	31.597.634,94	-1.033.544,91	30.564.090,03

Estado de GASTOS

CAP	CONSIGNACIÓN ACTUAL	MODIFICACIÓNS	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
I	6.379.526,68		6.379.526,68
II	10.875.638,11		10.875.638,11
III	82.191,34		82.191,34
IV	1.272.252,11		1.272.252,11
V	0,00		0,00

VI	9.564.142,65	-1.033.544,91	8.530.597,74
VII	1.694.294,69		1.694.294,69
VIII	6.000,00		6.000,00
IX	1.723.589,36		1.723.589,36
	31.597.634,94	-1.033.544,91	30.564.090,03

Monforte de Lemos, 29 de xullo de 2025.- O ALCALDE, José Tomé Roca, P.D. Decreto de data 21.06.2023, A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE, Gloria María Prada Rodríguez.

R. 2204

NAVIA DE SUARNA

Anuncio

Formada e rendida a Conta Xeral desta Entidade Local, correspondiente ao exercicio 2024, e informada pola Comisión Especial de Contas con data de 30 de xullo de 2025; de conformidade e ós efectos previstos no art.212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, expónse ó público, xunto cos seus xustificantes, na Secretaría do Concello, polo prazo de quince días, a fin de que durante o mesmo poida ser examinada e formularse, no seu caso, as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes.

Navia de Suarna, 31 de xullo de 2025.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 2235

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto de Alcaldía número 2025-0298, de 18 de xullo de 2025, prestouse aprobación ao **Padrón municipal da TAXA de recollida de LIXO correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2025.**

Por Decreto de Alcaldía número 2025-0300, de 18 de xullo de 2025, prestouse aprobación ao **Padrón municipal da TAXA da AUGA correspondente ao 2º TRIMESTRE de 2025.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fixase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 1 de SETEMBRO de 2025 ata o 3 de NOVIEMBRE de 2025, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes serán cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e das recargas do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos Padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 28 de xullo de 2025.- O Alcalde – Presidente, José Luis Pajón Camba.

R. 2205

PALAS DE REI

Anuncio

Desafectación de camiño público

Expediente nº: 250/2025

Desafectación dun tramo de camiño público en Lugar de Lestedo/Valos Lestedo – Palas de Rei.

Ref. Catastral: 27040A131090260000HE

Inventario de Bens: apunte 1929 (Vías rústicas).

Trámite: Información pública.

Prazo: un mes.

Obxecto: acceso ao expediente e presentación de alegacións.

Efectos: Transcorrido o prazo anterior o Pleno resolverá o expediente mediante acordo adoptado por maioría absoluta do número legal de membros do mesmo.

Regulación legal: artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.

Palas de Rei, 15 de xullo de 2025.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2206

Anuncio

Desafectación de camiño público

Expediente nº 88/2025

Desafectación dun tramo de camiño público en Castro-Mosteiro de Devesa. Ref. cat. 27040A117090100000H e 27040A116090040000HM.

Trámite: Información pública.

Prazo: un mes.

Obxecto: acceso ao expediente e presentación de alegacións.

Efectos: Transcorrido o prazo anterior o Pleno resolverá o expediente mediante acordo adoptado por maioría absoluta do número legal de membros do mesmo.

Regulación legal: artigo 8 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño.

Palas de Rei, 15 de xullo de 2025.- O Alcalde, Pablo José Taboada Camoira.

R. 2207

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 28 de xullo de 2025 aprobouse o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao segundo trimestre do ano 2025.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 08/08/2025 ao 08/10/2025 ámbolos dous inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado ao efecto para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca ou Caixa Rural. No caso de non recibilos, o contribuínte poderá obter un duplicado nas oficinas municipais, a non recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

A falla de pagamento do canon da auga suporá a esixencia do mesmo directamente pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pol, 28 de xullo 2025.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2208

PORTOMARÍN

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA:

Aprobados por Resolución da Alcaldía, os padróns de:

- Taxa Padrón LIXO NO RURAL XANEIRO – XUÑO/2025.

Expoñense o público polo prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Recursos: Contra o acordo da aprobación do padrón poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes contado dende o día seguinte ó da publicación desta información pública no BOP de Lugo ante a Alcaldía do Concello de Portomarín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A publicación do padrón no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, surtirá os efectos de notificación da liquidación tributaria a cada un dos suxeitos pasivos.

ANUNCIO DE COBRANZA:

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei Xeral Tributaria e no 68.1 b) do Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de pago en período voluntario, desde o 25/07/2025 ata o 25/09/2025.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, seránlles cargados nas costas bancarias respectivas.

O resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas de Abanca de Portomarín.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso voluntario, as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, os intereses de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

Portomarín, 24 de xullo de 2025.- O Alcalde, Pablo Rivas Folgueira.

R. 2209

MINISTERIO DE FACENDA**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS***Anuncio*

CONVOCATORIA DE AYUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A LA CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CUENTA AJENA DE LAS PERSONAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPLEO “REHABILITACIÓN NAVES ESCUELA OBRADOIRO A PINGUELA II”

BDNS (Identif.): 849055

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/849055>)

Primero. Beneficiarios.

Podrán ser entidades beneficiarias de los incentivos a la contratación las personas empleadoras y las empresas, cualquier que sea la forma jurídica que adopten, incluidas las personas autónomas, las sociedades civiles y las comunidades de bienes, aunque carezcan de personalidad jurídica, cuya actividad esté directamente relacionada con la formación impartida en los talleres duales de empleo, y que contraten trabajadoras o trabajadores por cuenta ajena para prestar servicios en centros de trabajo radicados en el ámbito territorial de los talleres duales de empleo

Segundo. Objeto

Será objeto de subvención incentivar a la contratación temporal por cuenta ajena del alumnado trabajador del Obradoiro Dual de Empleo “Rehabilitación Naves Escuela Obradoiro A Pinguela II”, y que tienen como objeto incentivar a la contratación y promover la inserción laboral de las personas participantes en el mismo, de acuerdo con el dispuesto en el artículo 15 de la Orden de 7 de febrero de 2024 por la que se establecen las bases reguladoras de las ayudas y subvenciones para los Talleres Duales de Empleo.

Tercero. Bases reguladoras.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de SUBVENCIONES. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web www.monfortedelemos.es.

Cuarto. Cuantía.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 6.000,00 €.

Quinto. Plazo de presentación de las solicitudes.

El plazo de presentación de solicitudes será a partir del día siguiente a la publicación del extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo y estará abierto durante 15 días hábiles

Monforte de Lemos, 29 de julio de 2025.- El Alcalde, José Tomé Roca.

R. 2210